Reunidos na Casa do Concello, o día 15 de xullo de 2016, ás 13:10 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato denominado "Servizo de mantemento de sinalización horizontal e vertical no termo municipal de Narón" formada por D. José Manuel Blanco Súarez (Alcalde), que actuará como presidente; D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario Xeral da Corporación), Dna. María del Pilar Canzobre Méndez (Interventora Xeral da Corporación) e D. Eduardo Pita García (Xefe da Policía Local), que actuarán como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, que actuará como Secretario da Mesa.

Ás 13:10 horas, aos efectos de admisión ou non admisión da oferta que na reunión mantida por esta Mesa de Contratación o día 28 de xuño do ano que estamos a correr foi considerada anormal ou desproporcionada, procédese, pola presidencia a ler o informe emitido polo Oficial da Policía Local responsable da Sinalización, D. José Antonio Carballido Vázquez, no que se establece que o licitador cuxa oferta podería ser desproporcionada, Industrias Saludes SAU, xustificou segundo os datos aportados na documentación presentada a posibilidade do cumprimento do contrato pola porcentaxe de baixa ofertado.

Ningún membro da Mesa toma a palabra, polo que se entende aprobado por asentimento e como consecuencia foi admitida a oferta examinada.

A Mesa procede ao cálculo da puntuación da oferta económica para con posterioridade propoñer ao órgano de contratación a oferta máis vantaxosa, segundo o establecido na cláusula 12 do PCAP.

ENTIDADE	PORCENTAXE BAIXA PREZOS UNITARIOS (%)	MELLORAS (Realización de inventario sinais de tráfico)	Porcentaxe a maiores do mínimo esixido de control de calidade
Proseñal SLU	12,20	Si	2%
Api Movilidad SA	25,52	Si	2%
Xalo Obras e Servizos SL	15,52	Si	2%
Diez y Compañía SA	26,15	Si	2%
Aceinsa Salamanca SA	23	Si	8%
Aceinsa Movilidad SA	25	Si	8%
Aceinsa Levante SA	21	Si	8%
Señalizaciones Norte SL	14,71	Si	2%
Industrias Saludes SAU	31	Si	1%

Aplicadas as fórmulas de avaliación contempladas no PCAP, resulta unha puntuación de:

ENTIDADE	PUNTUACIÓN PORCENTAXE DE BAIXA	PUNTUACION MELLORAS	PUNTUACIÓN % CONTROL DE CALIDADE
Proseñal SLU	15,74	6	4
Api Movilidad SA	32,93	6	4
Xalo Obras e Servizos SL	20,03	6	4

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Diez y Compañía SA	33,74	6	4
Aceinsa Salamanca SA	29,68	6	4
Aceinsa Movilidad SA	32,26	6	4
Aceinsa Levante SA	27,10	6	4
Señalizaciones Norte SL	18,98	6	4
Industrias Saludes SAU	40,00	6	2

Puntuacións que sumadas e, ordenadas de maior a menor, resultan:

ENTIDADE	PUNTUACIÓN TOTAL
Industrias Saludes SAU	48,00
Diez y Compañía SA	43,74
Api Movilidad SA	42,93
Aceinsa Movilidad SA	42,26
Aceinsa Salamanca SA	39,68
Aceinsa Levante SA	37,10
Xalo Obras e Servizos SL	30,03
Señalizaciones Norte SL	28,98
Proseñal SLU	25,74

Esta proposta remitirase ao órgano de contratación, para que este, previos os trámites oportunos, proceda á adxudicación do contrato.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando conmigo os membros da mesa.

José M. Blanco Suárez

Alfonso de Prado Fernández-Canteli

María del Pilar Canzobre Méndez

Eduardo Pita García

Ignacio Mazaira Garro

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es